

## ACTIVIDADES SEMANA 19-22 MAIO 6º

Tedes que envalas resoltas nun mail co asunto PARA ESTELA posto que será ela a que as correxirá.

### 1. Le o seguinte texto:

#### **Gandeira, tecelá e vendedora**

A señora Gómez ten un rabaño de ovellas. Coa súa la, confecciona roupa de abrigo coa que quenta a súa familia no inverno. Como os seus fillos xa estaban ben equipados, decidiu comprar máis ovellas para facer máis roupa de abrigo e intercambiala por leite, ovos e outros produtos.

A xente empezou a ver que a roupa da señora Gómez é moi quentiña, de forma que cada vez lle piden máis. Como o negocio funciona tan ben, ocorréronsele novas ideas: crear un taller para fabricar xerseis e bufandas, e tinxir a la para que a roupa sexa máis bonita. Tamén vai contratar unha persoa para que venda os seus produtos a través de internet.

*Brigitte Labbé, Michel Puech*

*El trabajo y el dinero, Ediciones SM. Texto adaptado*

### 2. Contesta as seguintes preguntas:

- Como se chama a acción de dar unha cosa e recibir outra a cambio?
- Cando a señora Gómez se dedicaba á gandaría, en que sector económico traballaba? (Podedes repasar os sectores económicos no libro de Sociais: páxinas 104-112).
- Que empregos desenvolveu a señora Gómez nos sectores secundario e terciario?

### 3. Busca no texto:

- Un nome colectivo:
- Dous determinantes posesivos:
- Unha contracción da preposición + artigo:
- Un adverbio:
- Un adxectivo:
- Verbo en infinitivo:
- Verbo conxugado en 3ª persoa do singular:

#### 4. Indica o suxeito, o predicado e o núcleo do predicado na seguinte oración:

A amiga de Susana virá hoxe a casa de Sara.

#### 5. Reflexiona sobre o mundo empresarial e contesta:

Se crearas unha empresa, de que sería?

A que sector económico correspondería? Por que?

Que vas vender? A que público está dirixida (nen@s, adult@s,...)?

Cales son os principais obstáculos que podes atopar na túa empresa?

Que solucións darías?

#### 6. Proposta empresarial:

- Crea unha tarxeta de presentación da túa empresa. (Pode ser a man ou usando o pc).

- Deberá incluír:
  - Nome.
  - Logotipo.
  - Obxectivo da empresa.

